

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 28/09/1970

Colección:

Data: 28/09/1970

De:

Luís Seoane;

Para:

Domingo García-Sabell;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Artes; Artes visuais; Exposición de Luís Seoane. Bos Aires. 1970; Exposición de Luís Seoane. Vigo. 1970;

Mencionados:

Maruxa Seoane; Elena Tormo; Ramón María Valle-Inclán;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 28/09/1970

Buenos Aires, 28 de setembro de 1970

Sr. D. Domingo García Sabell
Santiago

Meu querido amigo:

Recibín fai mais dun mes os versos de don Ramón. Perdóame por non che ter escrito denantes. Fóiseme pasando o tempo entre o moito traballo e a preguiza que ás veces ten conta de nós. Pode sere que a preguiza sexa de algún xeito unha especie de meiciña á que me fai falla acolarme nela. Inauguro unha exposición de

óleos o día 6 do mes que ven, teño outra de grabados en novembro e denantes do fin de ano debo facer un mural, logo pasaremos o vran eiquí e despois retornaremos a Galicia a pasar o mais tempo posíbel. Teño moitas ganas de emprender contigo a editorial de bibliófilos matinando na península enteira, esplicome, incluíndo Portugal. Pode sere moi importante. Vai tí pensando en libros de non moitas páxinas. Eu tamén farei unha lista. Mais xa falaremos desto con acougo.

Unha aperta de Maruja e miña pra Elena e pra tí e os teus:

Seoane.

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.